

Suxestión dirixida ao Concello da Coruña para que valore a conveniencia de comprobar que os casos de mobiliario na beirarrúa se axusten ao permitido.

Expediente: N.9.Q/7348/22

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023.

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de marzo de 2021, recíbese nesta institución escrito de queixa presentado polo reclamante (que deu lugar ao expediente N.9.Q/1142/21) no que esencialmente, pon de manifesto o seguinte:

Sírvase este documento como introductorio a la problemática situación, sin visos de mejora, de la calle Emilia Pardo Bazán de la ciudad de La Coruña, en especial el tramo final a partir del nº 15.

Desde el pasado verano del año 2020, se impuso por parte del ayuntamiento de la ciudad, una peatonalización para darle beneficio a los hosteleros, sin haber consenso con el resto de negocios de la calle que no son del gremio, ni con los vecinos residentes, en la que según la señalización vertical existente en un principio que duró varios meses, yo no podía dejar en el portal de casa a mi madre de 76 años con mi coche, ni un taxi adaptado a un minusválido como le pasó a un vecino mio.

Tras hacerles llegar diferentes escritos y firmas por el registro al ayuntamiento, para hacer los vecinos una reunión con responsables de la alcaldía, nos encontramos que siete meses después seguimos con la calle secuestrada para el beneficio de unos pocos y sin trazas de mejora. También se han colgado carteles y hecho bastante ruido por redes sociales, que han sido en vano.

Esta caótica situación es agravada por la propia dejadez del Ayuntamiento, que no regula el uso de la calle, cuya legislación en cuanto a terrazas, los hosteleros entienden la normativa a su manera, incumpléndola reiteradamente para su máximo

beneficio, poniendo en riesgo la vida de sus vecinos y clientes, y más en estos tiempos de pandemia.

Adjunto un escrito enviado al Ayuntamiento el pasado 16 de Noviembre, en el cual se les hace ver que los hosteleros están incumpliendo constantemente la normativa vigente, en cuanto a seguridad, ante la que las insistentes llamadas y notificaciones a la policía local, para que tomen nota y actúen, no son tenidas en cuenta, con un pasotismo total por las partes.

También quiero comentarle que están pasando otras cosas curiosas en la ciudad que están llevando a un caos de tráfico; se están recortando plazas de aparcamiento, recortando carriles de circulación, recortando zonas de tránsito, poniendo grandes obstáculos, ... sin aportar soluciones como son un eficiente sistema público de transporte público tanto urbano en el que han desmantelado el tranvía turístico de lo que se está riendo Europa, con nuevas líneas, más autobuses, más frecuencias, como también un eficiente transporte interurbano poniendo en valor las vías del tren existentes, mientras prima y urge un tren de mercancías al puerto exterior de la ciudad.

Las urgentísimas y no necesarias obras de peatonalización, en diferentes calles, zonas y barrios, está mermando todavía más los pocos recursos que había para el mantenimiento de las aceras y calzadas; así es que es raro el día que no hay algún incidente relacionado, se detectan constantemente nuevos problemas, etc ... etc ... sin entrar a valorar las medias verdades que cuentan los políticos de que todo está perfecto.

SEGUNDO.- A queixa foi tramitada na forma prevista na Lei 6/1984, de 5 de xuño, reguladora da institución da Valedora do Pobo, solicitamos informe a ese concello, valoramos toda a información e a documentación recibida e realizamos as actuacións pertinentes para garantir o respecto aos dereitos potencialmente afectados, procedendo á conclusión do expediente, en data 14 de xuño de 2021.

TERCEIRO.- Con data 24 de agosto de 2022, recíbese nesta institución novo escrito presentado polo reclamante, no que, esencialmente, fai constar o seguinte:

Informarle que la situación de las terrazas en la zona de la Plaza de Vigo de la ciudad de La Coruña, es todavía más insostenible incumpliendo la alcaldesa sus promesas y compromisos con los residentes, sin haber en todo este tiempo ninguna mejora. El ayuntamiento cómplice con su permisividad de las irregularidades, la ocupación de espacio en acera y calzada, sobreocupación de la

vía con ocupación incluso delante de outros negocios, terrazas sin cierre ni medidas de seguridad suficientes, y que tampoco recogen los enseres por la noche como obliga la ordenanza municipal. Esto sucede tanto en la zona peatonal de la plaza, donde con las terrazas montadas apenas queda un 15% de paso para los transeúntes con enseres a ambos lados, así como en el tramo con calzada entre la Plaza de Vigo y el final de la calle.

CUARTO.- A queixa foi admitida a trámite solicitando, novamente informe a ese concello, que xa nolo remitiu e do que, ademais de indicarnos que consta no Servizo de Mobilidade Urbana que foi remitido por este concello en data 19 de maio de 2021, en contestación a petición de informe formulada no expediente de queixa con referencia N.9.Q/1142/2021, xa concluído, cabe destacar o seguinte:

A única cuestión que se formula de novo na segunda queixa agora presentada que supón algunha diferenza coa anterior, é a cuestión do deixamento municipal en atender a demanda veciñal que inclúe no seu escrito en relación ao incumprimento por parte dos locais de hostalaría da recollida obrigatoria de aveños ou mobiliario da rúa logo do peche dos negocios. Ao efecto, debe indicarse que a través da Policía Local o Concello leva realizado diversas actuacións tanto nesta rúa como no resto da cidade para reiterar aos locais de hostalería a retirada dos aveños e mobiliario das terrazas logo do peche dos establecementos para favorecer a limpeza das beirarrúas ou calzada no caso de terrazas en prazas de aparcadoiro, e tamén para favorecer o tránsito peonil polas beirarrúas.

Ao respecto, cabe citar que non é unha esixencia absoluta, pois tal e como indica o artigo 31 da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público (BOP núm 100 do 28.05.2013), admítese a posibilidade de que o Concello autorice a permanencia dalgúns elementos da instalación no espazo autorizado, no caso de terrazas con cerramento estable.

En relación con este tema, cómpre indicar que a Alcaldía do Concello, con data 22.09.2022, organizou unha última reunión co sector da hostalería que teñen negocios no dito tramo da rúa Emilia Pardo Bazán, a que asistiu a alcaldesa, o concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, e o seu equipo asesor, xunto cos titulares dos negocios de hostalería e locais comerciais con terrazas instaladas no tramo da dita rúa. O obxectivo da reunión era recordar novamente a compatibilidade do espazo ocupado polas terrazas entre o uso público e a utilización privada, con preferencia do uso común xeral, tal e como se dispón no artigo 4 da dita Ordenanza municipal. Ademais,

solicitouse a este sector que expuxese as súas propostas e preferencias no caso de reurbanizarse este tramo da rúa co modelo de plataforma única, que lóxicamente implicaría cambios na instalación das terrazas.

Paralelamente a esta reunión, o día 29.09.2022 a Alcaldía da Coruña, cos mesmos asistentes municipais organizou unha reunión coa veciñanza do dito tramo da rúa, na que de xeito persoal se avisou a todos os residentes dos edificios de vivendas da zona. Nesa reunión, á que acudiu o interesado, presentouse un futuro proxecto de reurbanización deste tramo da rúa co modelo de plataforma única, e solicitouse aportacións e propostas veciñais na procura dun consenso o máis amplo posible cos veciños e veciñas do tramo en cuestión da rúa Emilia Pardo Bazán, dando ademais así continuidade ao proxecto de humanización desta rúa, que no resto dos seus tramos foi obxecto de diversos proxectos de peonalización da rúa ou de configuración de tramos con amplas beirarrúas para favorecer a mobilidade peonil.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Respecto ao incumprimento por parte dos locais de hostalaría da recollida obrigatoria de aveños ou mobiliario da rúa logo do peche dos negocios, segundo a información remitida polo concello, non é unha esixencia absoluta, pois tal e como indica o artigo 31 da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, admítase a posibilidade de que o concello autorice a permanencia dalgúns elementos da instalación no espazo autorizado, no caso de terrazas con cerramento estable.

SEGUNDA.- Segundo a información remitida polo Concello da Coruña, con data 22 de setembro de 2022, organizou unha reunión co sector da hostalería que teñen negocios no dito tramo da rúa Emilia Pardo Bazán, a que asistiu a alcaldesa, o concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, e o seu equipo asesor, xunto cos titulares dos negocios de hostalería e locais comerciais con terrazas instaladas no tramo da dita rúa.

O obxectivo da reunión era recordar novamente a compatibilidade do espazo ocupado polas terrazas entre o uso público e a utilización privada, con preferencia do uso común xeral, tal e como se dispón no artigo 4 da dita Ordenanza municipal. Ademais, solicitouse a este sector que expuxese as súas propostas e preferencias no caso de reurbanizarse este tramo da rúa co modelo de plataforma única, que lóxicamente implicaría cambios na instalación das terrazas.

TERCEIRA. Con data 29 de setembro de 2022, segundo a información remitida polo concello, organizou unha reunión cos mesmos asistentes municipais que na anterior e coa veciñanza do dito tramo da rúa, na que de xeito persoal se avisou a todos os residentes dos edificios de vivendas da zona.

Nesa reunión presentouse un futuro proxecto de reurbanización deste tramo da rúa co modelo de plataforma única, e solicitouse aportacións e propostas veciñais na procura dun consenso o máis amplo posible cos veciños e veciñas do tramo en cuestión da rúa Emilia Pardo Bazán.

Por todo o exposto ata agora, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello da Coruña a seguinte

SUXESTIÓN

Que dentro da súa capacidade de auto organización valore a conveniencia de comprobar que os casos de mobiliario na beirarrúa se axusten ao permitido.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)